

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO



E EI DOS ÁNXELES

ÍNDICE

0. INTRODUCCIÓN.....	3
1. BASE LEXISLATIVA.....	4
2. CONTEXTUALIZACIÓN	7
2.1. CARACTERÍSTICAS ECONÓMICAS, SOCIO-CULTURAIS E LINGÜÍSTICAS DO CONTORNO.....	9
2.2. INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS DO CONCELLO.....	11
3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.....	12
3.1. ACTIVIDADES E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....	13
3.2. PROXECCIÓN DO CENTRO NO CONTORNO.....	14
4. SINAIS DE IDENTIDADE.....	15
4.1. FINS EDUCATIVOS.....	16
4.2. PRINCIPIOS.....	17
5. OBXECTIVOS DO CENTRO.....	18
6. ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO.....	21
6.1. COMPOSICIÓN XURÍDICA.....	21
6.2. ELEMENTOS PERSOAIS.....	21
6.3. ELEMENTOS MATERIAIS.....	26
6.4. ELEMENTOS FUNCIONAIS	26
6.5. ÓRGANOS DE GOBERNO.....	33
6.6. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.....	35
6.7. ANPA.....	37
7. ACCIÓNS PRIORITARIAS.....	38
8. CONCRECIÓN CURRICULAR.....	38
8.1. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.....	38
9. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS.....	39
10. RECURSOS.....	40
11. AVALIACIÓN.....	42
12. DOCUMENTOS DE PLANIFICACIÓN.....	45

0. INTRODUCCIÓN

Entendemos o **proxecto educativo** como o marco regulador e integrador do conxunto de principios, fins, plans concretos e recursos que guían o noso traballo.

Este Proxecto Educativo é un documento elaborado por e para a Comunidade Educativa, e recolle os nosos sinais de identidade e concrétase na realidade e no entorno no que nos movemos.

O Proxecto Educativo constitúe o documento que expresa a identidade do noso centro. É o referente do principio de autonomía pedagóxica e de organización.

O Proxecto Educativo do centro recolle os valores, obxectivos e as prioridades de actuación. Os valores para alcanzar unha personalidade íntegra e ben formada, constituirán a base dunha acción titorial encamiñada a axudar ao alumno/a a responsabilizarse do seu propio traballo, a convivir de maneira axeitada, a sentirse satisfeito de si mesmo, a ser mellor compañeiros a ser mellor persoa, ... Trátase fundamentalmente de establecer unhas directrices que se adapten ás características do alumnado e do entorno, e que guíen as nosas accións ata o fin último, que non é outro que a formación integral do noso alumnado, para desenvolverse tanto na educación primaria como na sociedade con total autonomía.

A súa configuración permítenos planificar e levar a cabo modelos de funcionamento propios. Inclúe desde os desenvolvementos curriculares (a partir dunhas pautas para a elaboración das programacións didácticas) ata as medidas de atención á diversidade (de acordo coas necesidades dos nosos alumnos/as e as características do entorno no que nos atopamos), os criterios para organizar, os procedementos e criterios de avaliación, o plan de orientación e acción titorial, o plan de convivencia, as medidas para mellorar a calidade educativa e a formación do profesorado.

Dado que este documento é fundamental para regular a vida do noso centro, a dirección do mesmo deberá subministrar copias do mesmo a todos os membros do claustro e consello escolar. Asemade, disporase de exemplares a disposición de quen desexe consultalo na dirección do centro.

1. BASE LEXISLATIVA

Partindo dos cambios experimentados na nosa sociedade e que repercuten na escola, procedemos a elaborar o Proxecto Educativo do noso centro para adecualo á nova realidade, non so no referente a lexislación, as ensinanzas que se imparten, os servizos que presta e aos recursos dispoñibles senón tamén a evolución do alumnado, da Comunidade Educativa en xeral e ás características da contorna.

A comunidade escolar está formada por cidadáns con plenos dereitos e deberes recoñecidos no marco da Constitución Española e o Estatuto de Autonomía ao que debemos cinguirnos.

A estas referencias legais debemos engadir as leis educativas da Comunidade Galega, que en diferente grao, conforman o marco legal que orienta a vida dos centros escolares:

- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación (LOE).
- Lei 4/2011 de 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa.(DOG 30 xuño 2011)
- Real Decreto 943/2003, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente.
- Real decreto 334/1985, do 6 de marzo, de ordenación da educación especial.
- Decreto 229/2011 do 7 de decembro que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia(DOG. 31 de decembro de 2011).
- Decreto 79/2010. Plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia.
- Decreto 330/2009. Currículo de E.I.
- Decreto 85/2007. Observatorio Galego de Convivencia Escolar.
- Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.

- Decreto 30/2007, do 15 de marzo, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Orde 25 de xuño de 2009. Avaliación no 2º ciclo de E. I.
- Orde do 17 de marzo de 2007, pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo da educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos.
- Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro.
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de E. Infantil e dos colexios de E. Primaria.
- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o

procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización.

- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
- Circular 10/2010, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.
- Circular 18/2007, das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.
- Circular 17/2006, das direccións xerais de ordenación e innovación educativa e de formación profesional e ensinanzas especiais pola que se dictan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia para o curso 2006-2007.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E RESEÑA HISTÓRICA

A EEI dos Ánxeles, está situada na parroquia dos Ánxeles, no concello de Brión.

EEI DOS ÁNXELES
Enderezo: Rúa da Fonte, nº1 CP:15280 ÓS Ánxeles-Brión-A Coruña
Teléfono e Fax: 981 509977
Móbil: 699 52 56 89
Correo electrónico: eei.anxeles@edu.xunta.es
Nº código de centro: 15001744

Niveis educativos que imparte:


- 2º ciclo de Educación Infantil

O concello de Brión cae cara o oeste de Santiago, camiño do mar. Atravésao a estrada C-543 de Santiago a Noia: 13 quilómetros sepáranos da capital galega e 23 da vila mariñeira de Noia.

As súas 106 aldeas, repartidas en 9 parroquias, con 3 entidades de poboación divididas en 33 rúas están intercomunicadas por unha rede de pistas asfaltadas que suma máis de 300 km.

Na nova división comarcal de Galicia, Brión quedou integrado na comarca de Santiago.

Dende o punto de vista xeográfico, Brión está dividido en dúas zonas:



A primeira, máis próxima a Santiago, formando o val da Amaía, regado polo río Sar.

A segunda, na vertente do Tambre, demárcao polo norte formando o encoro Barrié de la Maza.

Ten por veciños a sete municipios: Ames, Negreira, Serra de Outes, Noia, Lousame, Rois e Teo e conta con 75 quilómetros cadrados e unha poboación de 7.100 habitantes, que está en progresivo aumento grazas, á atracción que exerce a súa proximidade a Santiago, á fermosura das paisaxes e ó esmero na ordenación urbanística.

A Amaía goza dun microclima ostensiblemente benigno: temperaturas moderadas e considerable proporción de días despexados. O relevo é lixeiramente ondulado, con alturas máximas nos montes que demarcan o termo municipal polo sur: Santa Cecía en Bastavales e Pedra do Coro en Cornada, que serven de miradoiros respectivamente ás rías de Arousa e Noia. A altitude vai dos escasos 30 metros na ribeira do río Sar ata pouco máis de 525 nos picos meridionais.

2.1.CARACTERÍSTICAS ECONÓMICAS, SOCIO - CULTURAIS E LINGÜÍSTICAS DO CONTORNO


O alumnado que ten que asistir á escola é o da parroquia dos Ánxeles (Os Ánxeles, Saíme, Baliño, Reboredo Pequeno, Guisande, Guitiande,Cirro, Gándara, Perros, Gosende, Gontade, Souto, Sanín, Estrar, Vilanova, Cabanas, Piñeiro, Outeiro, Alqueidón, Buio, Vilanova, O Rial, Monte Devesa e Agronovo); aínda que ultimamente asiste tamén alumnado doutras parroquias do concello e do concello limítrofe de Bertamiráns.

SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DA ESCOLA

Os/As alumnos/as falan tanto o galego como o castelán, non podemos dicir que unha lingua predomine sobre a outra. É maior a influencia que exercen os alumnos/as castelán falantes sobre os galegos falantes que a inversa.

Segundo os **datos obtidos da enquisa sociolingüística** realizada ao alumnado do noso centro, destacamos o predominio do galego. Mostramos pois a porcentaxe obtida na etapa de educación infantil.

ENQUISA SOCIOLINGÜÍSTICA



SITUACIÓN SOCIO-ECONÓMICA

O **sector económico** máis representativo na zona onde está situada a escola é o terciario.

A maioría dos pais dos alumnos/as dedícanse a profesións relacionadas co sector terciario (como servizos públicos-educación e sanidade- e administración pública). A maioría dos pais teñen emprego fixo.

En canto ás nais dos alumnos/as, á maioría delas traballan fóra da casa.

En canto ao tipo de vivenda, a maioría dos alumnos/as habitan en vivendas unifamiliares situadas nas urbanizacións do concello ou en edificios.

SITUACIÓN SOCIOCULTURAL

A situación cultural, en xeral, é media-alta. En canto ao nivel de estudos dos pais e nais, a maior parte deles posúen estudos universitarios.

As relacións que establece a familia co titor/a e a escola maioritariamente faise cos dous proxenitores, polo que se pode dicir que tanto a nai como o pai participan da educación dos seus fillos/as.

En canto á frecuencia coa que os pais visitan o centro, a maioría deles soe acudir á reunión de principio de curso e despois a unha titoría individual ao curso. Hai que salientar que o feito de que sexan as familias quen trae ao alumnado ao centro, propicia que durante os curso se establezan moitos momentos informais para falar co profesorado.

En definitiva, trátase dunha **zona de desenvolvemento sociocultural medio** o que repercute na motivación e o interese polo estudo e o saber do alumnado e das súas familias.

A convivencia entre os diferentes sectores da comunidade educativa é boa.

Non hai casos de marxinação social, nin alumnos/as doutras etnias, nin baixo o sistema de protección de menores, nin alumnos/as de familias desarraigadas.

Pode haber casos puntuais de alumnos/as con algún tipo de problemática familiar específica ou dificultade económica que son tratados dende o D.O e /ou polos Servizos Sociais do Concello.

A maioría do alumnado viven en familias nucleares(pai, nai e fillos); aínda que comezamos a ter familias monoparentais, por separación.

SITUACIÓN ACADÉMICA DO CENTRO

O nivel de superación da etapa e promoción á primaria é do 100% nestes últimos anos.

2.2. INFRAESTRUCTURA E SERVIZOS DO CONCELLO

O **Concello de Brión** conta con distintas sociedades e entidades encargadas de organizar e ofertar actividades recreativas, culturais e deportivas.

- Casa do Concello
- Oficina de Urbanismo
- Casa da Cultura
- Centro Social Polivalente
- Biblioteca
- Pavillón deportivo
- Centro de Saúde
- Xulgados
- Locais Sociais en tódalas parroquias
- Piscinas municipais
- Praia fluvial
- Escola de Música Municipal
- Museo Etnográfico
- Canchas Multideporte
- Instalacións Escola Piragüismo
- Campos de Fútbol
- Aulas de Formación

- Aulas de Talleres
- Aulas de Informática
- Policía Local
- Garda Civil
- Servizo de Emerxencias

Centros de ensino:

- IES Brión-Pedrouzos
- CEIP de Pedrouzos
- EEI dos Ánxeles
- EEI da Igrexa
- EEI de Sabaxáns
- Escola Infantil Municipal

Conta ademais con servizos de asistencia e benestar social que colaboran cos centros educativos nos casos de familias con poucos recursos ou desestruturadas.

3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

A EEI dos Ánxeles comezou tendo dúas aulas. No 2009 habilitouse unha aula máis, pero esta non comezou a funcionar ata o seguinte curso, no 2010.

O edificio está composto por un modulo de dúas alturas (planta baixa máis unha) de forma rectangular . A súa planta baixa está ocupada por dúas aulas e na planta primeira hai unha aula, a dirección, o cuarto da fotocopadora, o comedor, a sala de xogos do comedor, a biblioteca do centro, a sala de profesorado, a aula de uso compartido, a ula das TICs, un aseo e a cociña. O edificio ten unha altura de 6 metros ocupando unha superficie de 225 m² por planta .

Accesos ao Centro.

A entrada ao Centro desde o exterior propiamente dita realízase a través da calle Rúa da Fonte nº 1, existindo unha porta, exclusivamente peatonal dado que teñen aceso restrinxido aos vehículos por medio dunha valla. A entrada principal dá ao corredor central (hall) e enlaza coas escaleiras que dan paso á seguinte planta. Este centro conta con outras saídas de emerxencias alternativas.

A pista deportiva e o parque, non pertencen á escola, senón que son de uso público. Para acceder a eles, hai que saír do recinto da escola.

A EEI dos Ánxeles, é un centro que conta con tres unidades de educación infantil. Ten unha ratio aproximada de 1/13, e con tendencia ao aumento de matrícula. O centro conta actualmente con 39 discentes.

A EEI dos Ánxeles, está adscrita ao CEIP de Pedrouzos, polo que o alumnado da nosa escola, ao rematar o 2º ciclo de E.I. incorpórase a dito centro na primaria.

3.1. ACTIVIDADES E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

O centro conta co servizo complementario de comedor escolar.

A) COMEDOR ESCOLAR

O Comedor Escolar é un servizo ofertado pola ANPA do colexio coa modalidade de Catering. Ofértase este servizo ao inicio de curso. Púxose en marcha no curso 2008/2009

A súa ubicación está na antiga casa do docente que tiña a escola, na primeira planta do edificio.

O número de alumnos/as que utilizan o comedor é aproximadamente de 16 diarios, xa que algúns non comen todos os días. O número de prazas autorizadas é de 20 comensais diarios. A empresa que serve a comida tamén ten contratadas dúas coidadoras diarias, que se encargan de atender aos nenos/as dende ás 14:15 ata as 16:00.

Ademais da aula na que comen e da cociña, tamén contan cun aula de xogos, na que o alumnado pode estar unha vez remate de comer.

3.2. PROXECCIÓN DO CENTRO NO CONTORNO

- Dende a dirección do centro establécense relacións fluídas e cordiais co Concello para melloras que repercuten no noso centro e na mellora da calidade educativa dos nosos educandos.
- O centro mantén relacións de coordinación e colaboración coas unitarias do concello (EEI da Igrexa e EEI de Sabaxáns), así como co centro ao que estamos adscritos; o CEIP de Pedrouzos.
- Mantense unha relación de cooperación coa ANPA co fin dun axeitado desenvolvemento do comedor.
- O alumnado de 6º de educación infantil visita o CEIP de Pedrouzos, como unha actividade relacional, co fin de que este proceso de cambio lles resulte o máis fácil posible.
- Tamén se establecen relacións coa Escola Infantil Municipal, e se leva a cabo unha visita dos alumnos da gardería á nosa escola para facilitar o proceso de adaptación dos futuros alumnos.
- Mantense por parte da dirección do centro comunicación coas administracións educativas, para poñer en coñecemento destas as carencias en materia de recursos, tanto persoais como materiais, do centro e as posibles solucións a levar a cabo.

As relacións que se establecen co contexto social, familiar, institucional e administrativo realízanse sempre en galego:

- Correspondencia con pais/nais, Concello, centros do contorno...
- Reunións entre profesorado (do centro ou entre centros), con pais/nais, con persoal do Concello ou con outras entidades próximas que teñan relación co centro.

4. SINAIS DE IDENTIDADE

A EEI dos Ánxeles é unha escola pública, democrática que fomenta a igualdade entre homes e mulleres, un centro no que prima o respecto cara todas as ideoloxías que respecten os dereitos das persoas como cidadáns libres. Partimos da educación como dereito fundamental e, desde ese dereito ten uns compromisos, fomentando valores como:

- **Tolerancia:** Aceptar aos demais coas súas calidades e as súas limitacións.
- **Igualdade:** Evitarase calquera tipo de discriminación.
- **Respecto:** Non só cara as persoas que forman parte da Comunidade Escolar e Social dentro da que se relacionan, senón tamén cara os materiais que nos serven de instrumento no noso traballo diario, e ao medio que nos rodea.
- **Solidariedade:** Evitando situacións discriminatorias, favorecendo a cooperación, a aprendizaxe cooperativa e a convivencia.
- **Democracia:** Mediante a participación na vida escolar valorando as condutas críticas e responsables.
- **Responsabilidade:** Favorecendo o interese por aprender, a seriedade no traballo e a madurez na reflexión.
- **Autoestima e creatividade:** Valorando positivamente as capacidades e habilidades individuais, partindo delas para estimular o seu desenvolvemento persoal e social.

O centro potencia a participación de toda a comunidade educativa fixando cauces que permitan unha intervención efectiva que favoreza o proceso de ensino-aprendizaxe.

Prestarase unha atención especial a aqueles alumnos/as que presenten dificultades de integración, de comunicación ou de rendemento académico, facendo un esforzo de aproximación á problemática do alumnado para actuar, segundo os casos:

- Estimulando a participación nas actividades en grupo, valorando os traballos realizados e axustando os contidos á súa capacidade.

- Prestarase especial atención ao alumnado con altas capacidades e ao que presenta necesidades educativas, estimulando os seus intereses e desenvolvendo o seu potencial.
- Solicitando a Administración Educativa o desenvolvemento de programas que atendan as necesidades específicas do alumnado.

O centro estrutúrase de forma que todos os sectores implicados participen na súa xestión a través dos seus representantes elixidos.

A ensinanza baséase nunha metodoloxía activa, na que xogarán un papel relevante as saídas escolares, as Novas Tecnoloxías...

Dende o centro impúlsase a participación do profesorado en **actividades de formación** e en **Grupos de traballo**, no campo didáctico e pedagóxico.

4.1. FINS EDUCATIVOS DO CENTRO

- a)** O pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades dos alumnos/as.
- b)** A educación no respecto aos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidades.
- c)** A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como a prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.
- d)** Ensino aconfesional.
- e)** A educación na responsabilidade individual e no esforzo persoal.
- f)** A educación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara aos seres vivos, o medio ambiente e o desenvolvemento sustentable.
- g)** A educación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural como un elemento enriquecedor.

- h) O desenvolvemento da capacidade do alumno/a para regular a súa aprendizaxe.
- i) A competencia para a comunicación nas dúas linguas oficiais e nunha lingua estranxeira. A lingua galega será a lingua de relación do centro coas outras administracións e cos distintos sectores da comunidade educativa.

4.2. PRINCIPIOS DA ACTIVIDADE EDUCATIVA

- a) **A calidade** da educación, para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.
- b) **A equidade**, que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de discapacidade.
- c) **A transmisión e posta en práctica de valores** que favorezan a responsabilidade, a solidariedade, a tolerancia, o respecto e a xustiza.
- d) **A concepción da educación** como unha aprendizaxe **permanente**, que se desenvolve ao longo de toda a vida.
- e) **A flexibilidade** para adecuar a educación a diversidade de aptitudes, intereses expectativas e necesidades do alumnado. Así como aos cambios que experimenta a sociedade.
- f) **O esforzo** individual do alumno, e compartido por familias, profesores, administración e institucións.
- g) **A participación** da comunidade educativa na organización, goberno e funcionamento do centro.
- h) **A consideración** da función docente como factor esencial da calidade educativa, o recoñecemento social do profesorado e o apoio a súa tarefa.
- i) **A Avaliación** tanto na programación dos procesos de ensino e aprendizaxe, como nos seus resultados.

5. OBXECTIVOS DO CENTRO

1) Ámbito pedagógico:

1.1. Formar integralmente aos alumnos/as do centro, compensando as súas carencias a través dunha atención individualizada e unha avaliación continua.

1.2. Promover unha atención á diversidade inclusiva.

1.3. Preparar ao alumnado para o exercicio dos dereitos e liberdades fundamentais e para a tolerancia e o respecto ás liberdades e dereitos fundamentais dos demais, no marco dos principios democráticos de convivencia.

1.4. Dotar ao alumnado duns coñecementos básicos, de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, destrezas, e dos valores e capacidade crítica e de xuízo imprescindibles para que sexan cidadáns íntegros e útiles á sociedade.

1.5. Favorecer a utilización das novas tecnoloxías por parte de toda a Comunidade Educativa.

1.6. Formar ao alumnado no respecto á pluralidade lingüística e cultural de Galicia e de España, tratando que dominen nun plano de igualdade as dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma, e que recoñezan e valoren na súa xusta medida a cultura galega, tanto nas súas expresións cultas coma nas populares.

1.7. Fomentar no alumnado o interese pola aprendizaxe significativa como instrumento de desenvolvemento persoal.

1.8. Formar no respecto a pluralidade lingüística e cultural.

1.9. Desenvolver unha metodoloxía activa e globalizadora.

1.10. Desenvolver nos alumnos/as as seguintes capacidades:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática.
- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico.
- Competencia dixital e tratamento da información.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

2) Ámbito humano:

- 2.1.** Desenvolver no alumnado actitudes para a convivencia democrática e para o exercicio responsable da liberdade.
- 2.2.** Fomentar un comportamento tolerante e solidario en toda a comunidade educativa.
- 2.3.** Educar na coeducación e integración.
- 2.4.** Educar para paz e para a resolución pacífica dos conflitos.
- 2.5.** Formar ao alumnado en igualdade sen ningún tipo de discriminación e eliminando estereotipos en relación aos roles do home e da muller na sociedade.
- 2.6.** Fomentar actitudes de respecto e defensa do medio ambiente propiciando interese polas enerxías alternativas.
- 2.7.** Educar no respecto aos valores morais e cívicos.
- 2.8.** Educar para un consumo responsable.
- 2.9.** Desenvolver no alumnado hábitos e actitudes de respecto ás normas de educación viaria.
- 2.10.** Propiciar a autonomía do alumnado a través da adquisición de hábitos de estudo, orde e traballo.
- 2.11.** Desenvolver no alumnado a imaxinación, a orixinalidade, a innovación, a creatividade e o espírito crítico e empresarial.
- 2.12.** Proporcionar a todos os alumnos/as a atención psicopedagóxica e a orientación educativa precisa.
- 2.13.** Desenvolver un plan de acción tutorial que proporcione ao alumnado o coñecemento do seu contorno físico, social e educativo.
- 2.14.** Adecuar o currículo aos diferentes ritmos de aprendizaxe de cada alumno/a, con especial atención aos alumnos/as con neae.
- 2.15.** Favorecer a socialización do alumnado propiciando a consecución de destrezas que faciliten a súa integración escolar e social.
- 2.16.** Fomentar no Centro un clima de diálogo, tolerancia e respecto entre todos os membros da Comunidade Educativa.

3) Ámbito institucional:

- 3.1.** Implicar as familias dos alumnos no proceso educativo e fomentar a súa participación na vida do centro.
- 3.2.** Fomentar a relación do centro co entorno social e cultural, a través da colaboración coas entidades culturais do concello.
- 3.3.** Potenciar a coordinación e o traballo en equipo do profesorado.
- 3.4.** Establecer contactos e coordinar actuacións coas outras escolas do concello e co CEIP de Pedrouzos, como centro receptor dos nosos alumnos/as para a educación primaria. E tamén coa Escola Infantil Municipal xa que é co centro do que procede a maioría do noso alumnado.
- 3.5.** Impulsar e favorecer a participación do profesorado en actividades de formación permanente, fundamentalmente no propio centro.
- 3.6.** Colaborar co CAFI.
- 3.7.** Colaborar co Concello nas actividades organizadas por este e dirixidas ao alumnado.
- 3.8.** Lograr que as administracións local e autonómica cumpran coas súas obrigas con respecto as necesidades do centro e sobre todo co alumnado.
- 3.9.** Democratizar o funcionamento do centro fomentando e facilitando a participación de todos os sectores da comunidade educativa.

4) Ámbito administrativo:

- 4.1.** Realizar unha xestión administrativa e económica eficaz e transparente.
- 4.2.** Lograr un sistema de comunicación áxil e eficaz entre toda a comunidade educativa.

5) Ámbito da normalización e dinamización lingüística:

Durante a Educación Infantil fomentarase unha valoración positiva da lingua galega así como coñecemento da nosa cultura. Os obxectivos propostos son:

- 5.1.** Acadar que os alumnos/as teñan unha competencia lingüística por igual en lingua galega e castelá cunha actitude de bilingüismo tolerante a proxectar na comunidade educativa e tamén na sociedade.
- 5.2.** Potenciar a valoración positiva do uso da lingua galega por parte de toda

A comunidade educativa intentando desterrar os prexuízos lingüísticos que poidan dificultar a súa normalización.

5.3. Promover o uso da lingua galega en calquera ámbito social.

5.4. Utilizar a lingua galega como lingua oficial nas relacións externas do centro.

5.5. Integrar as dúas linguas oficiais dentro da comunidade educativa.

5.6. Motivar a colaboración familiar na recolleita de tradicións, costumes, literatura e folclore popular.

6. ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO

6.1. COMPOSICIÓN XURÍDICA

TITULARIDADE: Consellería de Educación e O U da Xunta de Galicia.

NIVEIS EDUCATIVOS: Educación Infantil **(EI)**.

NÚMERO DE UNIDADES: Segundo catálogo 3 unidades de Educación Infantil.

As variacións que podan xurdir en cada curso escolar recolleranse na PXA dese curso.

6.2. ELEMENTOS PERSOAIS

○ ALUMNADO

A organización e funcionamento do Centro articularase en torno ao alumnado como elemento central do proceso educativo, no que cobran sentido as diferentes actuacións/decisións dá Comunidade Educativa na busca dunha formación integral do mesmo.

O centro conta cunha media de 40 alumnos/as por ano.

O alumnado con NEAE recibirá apoio de xeito individualizado ou en pequenos grupos tanto dentro da aula ou fóra dela e seguindo as indicacións do Equipo de Orientación do Centro ao que estamos adscritos e segundo os recursos humanos dos que o centro dispoña.

ALUMNADO QUE RECIBE ENSINANZA DE RELIXIÓN

Impartirase o ensino de relixión e moral católicas a aqueles alumnos/as que as súas familias así o solicitan. As outras confesións relixiosas, na medida que sexan solicitadas polo alumnado, impartiranse sempre que a administración facilite profesorado para tal fin.

ALUMNADO QUE NON OPTA POLO ENSINO DE RELIXIÓN

O centro garantirá que, ao inicio do curso os pais, nais ou titores do alumnado poidan manifestar a súa vontade de que estes reciban ou non ensinanzas de relixión.

A opción que elixan os pais, nais ou titores de que os seus fillos/as reciban ou non ensinanza de relixión no momento de facer efectiva a matrícula no centro considerárase válida para toda a escolaridade do alumno ou da alumna, sen prexuízo de que antes de que comece o curso escolar os pais ou titores legais poidan modificala. Estes manifestarán a vontade de que os alumnos ou alumnas reciban ou non ensinanza de relixión nun impreso que se lles facilitará na Dirección do Centro.

Os pais, nais ou titores que opten por cambiar a opción elixida no momento de formalizar a matrícula do alumno ou alumna no centro, deberán facela efectiva na Dirección do centro na primeira quincena do mes de setembro de cada curso escolar.

A EEI dos Ánxeles dispón de medidas organizativas para que os alumnos/as que non reciban as ensinanzas de Relixión, reciban a debida atención educativa. Os discentes quedarán co titor/a ou cun mestre/a de apoio que imparte atención educativa.

As actividades a realizar consistirán no desenvolvemento, por parte do alumnado, de tarefas creativas en torno a determinados aspectos educativos non incluídos nas Programacións Didácticas de forma expresa.

o PROFESORADO

O profesorado do Centro estará formado segundo o catálogo de postos docentes publicado no DOG pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Na realidade, nos últimos cursos o claustro no está formado tal e como se indica no catálogo de postos, xa que polo momento no se cubre a praza de Audición e Linguaxe.

O claustro debera estar composto por:

- 4 mestres/as de Educación Infantil (3 titores/as e 1 mestre/a de apoio).
- 1 mestre/a de inglés itinerante, coas outras escolas do concello.
- 1 mestre/a de Audición e linguaxe.(de momento non se cubriu esta praza)
- 1 mestra de Relixión Católica.(compartida con outros centros)
- 1 Orientador/a do centro ao que estamos adscritos; o CEIP de Pedrouzos.

As variacións de profesorado que se vaian producindo cada curso escolar reflectiranse na PXA.

Hai que destacar que nesta escola a maioría do profesorado está definitivo.

TITORÍAS

A titoría e orientación dos alumnos/as formará parte da función docente. Cada grupo de alumnos e alumnas terá un titor/a. As titorías elíxense segundo a normativa vixente e o mestre/a titor/a ten a obriga de continuar a etapa cos seus alumnos. A acción titorial orientará o proceso educativo individual e colectivo do alumnado e en coordinación se é o caso co Departamento de Orientación.

A dirección do centro(como non hai Xefatura de Estudos) coordinará o traballo dos titores/as e coordinará as reunións periódicas necesarias para o bo funcionamento da acción titorial.

Dita acción recóllese no **Plan de Acción Titorial** da seguinte maneira:

ORGANIZACIÓN

Os titores/as atenderán de forma individualizada ás familias no horario que se estableza na Programación Xeral Anual e que se lles comunicará ó inicio de cada curso académico. A iniciativa da entrevista poderá partir tanto da familia como do propio titor/a.

Os titores/as de cada curso, ademais das reunións de ciclo, manterán outras, coa periodicidade que se precise, co orientador/a para a coordinación de programas, reelaboración de materiais, adaptación da programación á realidade concreta de cada grupo...

TEMPORALIZACIÓN NO CURSO ACADÉMICO

- Polo menos unha reunión xeral coas familias en setembro.
- Unha hora semanal para entrevistas coas familias, fixada na P.X.A.

AVALIACIÓN

A avaliación global do Plan de Acción Titorial constará de:

- ❖ Unha síntese de tódolos datos de avaliación recollidos ó longo do curso.
- ❖ A avaliación explícita de tódolos aspectos do P.A.T.; tendo en conta:
 - As necesidades que vaian aparecendo.
 - As expectativas do equipo de profesores.
 - As necesidades dos alumnos/as ligadas ó contexto e ás súas situacións persoais.

A persoa titora manterá unha relación permanente coas familias atendendo á conciliación profesional e familiar.

O titor/a debe actuar de mediador/a entre o grupo dos seus tutorandos e o resto do profesorado

Cada titor ou titora, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as funcións indicadas no Capítulo V, artigo 81 do Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria. Algunhas delas son:

- Intercambiar información relevante para o desenvolvemento do alumno/a cos pais/nais, titores, e mesmo de axentes externos que estean a traballar co alumno/a.
- Facer de nexos entre os pais/nais e a escola.
- Coñecer a información e características persoais relevantes dos seus alumnos/as.

- Realizar as reunións cos pais/nais que legalmente se establecen, e todas aquelas que fosen necesarias para o desenvolvemento do alumno, ben por iniciativa do mesmo mestre ou por iniciativa dos pais/nais.
- Manter informados aos pais/nais do desenvolvemento do seu fillo/a nos aspectos académicos e persoais.
- Facer entrega dos boletíns informativos ás familias dos alumnos/as.
- Avaliar o proceso educativo dos seus alumnos/as, e manter unha coordinación continua co resto do profesorado que imparte algunha materia no seu grupo.
- Adoptar a decisión que proceda referente a promoción dos alumnos, logo de audiencia dos seus pais/nais.
- Coordinar as sesións de avaliación, tomando acta das decisións adoptadas.
- Funcións burocráticas (Actas de Avaliación, Informes Finais de Ciclo...).

Para asumir estas funcións será necesario:

- Coñecer ao alumno/a.
- Facilitar a integración e participación.
- Procurarlles un contexto estruturado (planificación previa e coordinación dos diversos profesionais). A función titorial é unha responsabilidade compartida, pero require tarefas diversas, individuais, de coordinación, específica.
- Prestar atención prioritaria á aprendizaxe de hábitos e actitudes.

- **PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**

O centro conta con dúas responsables da limpeza que son traballadoras da administración local.

Polo número de unidades o centro non dispón de conserxe.

6.3. ELEMENTOS MATERIAIS

Xunto coas 3 titorías, onde se desenvolven normalmente as clases, existen no Centro espazos de uso común, que se distribuirán por horario tal como se indica na PXA, como:

- AULA DE ENCERADO DIXITAL: dotada cun kit dixital, onde ademais se imparten clases de inglés e música.
- AULA DE USO COMPARTIDO: para clases de inglés, relixión e música.
- 1 BIBLIOTECA: Os materiais están ordenados por editoriais e catalogados co programa Meiga.

6.4. ELEMENTOS FUNCIONAIS

- **HORARIOS**

O **horario lectivo do centro** é:

- Xornada continua de 9:15 a 14:15 horas.

O centro tamén permanece aberto de 14:15h. a 16:00h., que é o horario do comedor escolar, xestionado pola A.N.P.A.

Calquera entidade cultural pode solicitar á dirección do centro o uso das instalacións. A dirección do centro trasladará dita petición á xefatura territorial que determinará dita concesión ou non.

Hai un único **recreo** de 45 minutos.

O horario distribúese diariamente en 5 sesións de unha hora de duración as dúas primeiras e de 45 minutos as outras tres.

As **gardas de recreo** realizaranse mediante quendas de 2 mestres/as en cada recreo. Cando non se saia ao recreo por mal tempo, o alumnado permanecerá na aula atendido polo titor/a.

HORARIO DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN DO ALUMNADO DE 4º CURSO DE E.I.

O alumnado de E.I. que se incorpora ao centro farao de xeito progresivo no mes de setembro para o que se programará o período de adaptación á escola tal como vén recollido no Calendario Escolar, no Plan de Orientación e na Programación de Infantil.

HORARIO MESTRES/AS

O horario de permanencia no centro por parte do profesorado é de 30 horas semanais que se reparten da seguinte maneira :

- 25 lectivas: repartidas en horas de docencia e de gardas, segundo as necesidades do centro.
- 5 de permanencia no centro: Dúas destas horas están fixadas con carácter xeral, en horas que non coinciden coas 25 horas do alumnado, que son : os martes de 16:15 a 18:45.

O resto das horas ata as 30 de permanencia no centro realizaranse cada día entrando 15 minutos antes e saíndo 15 minutos despois.

▪ ASISTENCIA DE PROFESORADO

Tanto no que se refire ao horario lectivo co alumnado (25 horas semanais), como ao horario de permanencia no centro dos martes, a dirección do centro levará un parte mensual de ausencias e permisos, do que remitirá copia ao servizo de inspección.

▪ ASISTENCIA DO ALUMNADO

Aos pais, nais ou tutores corresponde a responsabilidade de garantir a asistencia a clase dos seus fillos e fillas. Trátase dun dereito a protexer por parte da familia e da Escola, na cal, a primeira responsabilidade corresponde ao titor/a, que se encargará de cubrir diariamente a asistencia do alumnado. Cando o alumnado non asista ao centro, o pai/nai ou titor legal, deberán de xustificar dita falta de asistencia a través do modelo facilitado polos tutores/as.

É importante sinalar, dentro deste apartado, que nunha educación en valores non deben descoidarse aspectos como a puntualidade, coidado dos hábitos de sono e alimentación, hixiene persoal, condicións ambientais, responsabilidade no uso dos materiais de traballo... que posibiliten unha asistencia efectiva e aproveitamento da súa estancia no centro por parte do alumnado.

No RRI contémlanse medidas concretas de actuación ante estas situacións.

▪ **PROCEDEMENTO DE COLABORACIÓN E INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS**

A familia é o primeiro axente socializador e afectivo no que se desenvolve o neno/a cás consecuentes implicacións afectivas, intelectuais e de relación social e a súa ineludible repercusión nos procesos de aprendizaxe.

Faise necesario o contacto intenso e permanente coas familias do alumnado para que sexan partícipes do proceso E-A dos seus fillos/as ademais de facer posible un permanente e fluído intercambio de información, colaboración e participación. Por un lado compartir obxectivos e metas comúns co profesorado e co centro, o que supón unha disposición permanente de apertura cara novas canles de participación, diálogo e entendemento no interior da comunidade educativa. E en segundo lugar, colaborando eficazmente, dentro do ámbito familiar no desenvolvemento dos valores e actitudes que se traballen na escola.

Polo que durante o mes de setembro de cada curso escolar, o centro organizará unha reunión de benvida ao novo curso, invitando aos pais/nais a asistir, na que se lles informa de todo o relacionado co funcionamento do noso centro (medidas organizativas, días non lectivos e calendario escolar, atención a pais, pautas para un axeitado desenvolvemento do neno/a... En todo momento pídeselle a colaboración ás familias en todo o relacionado co E-A dos seus fillos/as, que asistan ás entrevistas co titor/as de maneira periódica informándoo de cuestións importantes para o alumnado (separación dos proxenitores...) co fin de atopar solución a calquera tipo de dificultade.

Infórmaselles de que todos os documentos do centro están á súa disposición na dirección do centro (PEC, RRI, Plan de Convivencia...). Insíteselle en que o centro sempre estará a súa disposición para o beneficio do alumno/a.

Esta reunión organízase primeiramente para toda a etapa onde se presentará o profesorado que imparte docencia. Despois desta reunión inicial, cada titor/a acompaña aos pais da súa titoría para a aula, onde poderá informalos de aspectos da súa programación (metodoloxía, recursos, avaliacións, normas de aula...) e outras cuestións que inciden no proceso de E-A do alumnado.

ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN AOS PAIS/ NAIS

Para a organización de diferentes aspectos relacionados co alumnado, dende a dirección do centro, faise entrega de diferente documentación no momento da matrícula (ao inicio do curso ou ao longo do ano). O pai, nai ou titor legal deberán devolvelo asinado, sempre que estean dacordo:

- ❖ Autorización da imaxe para poder ser fotografiado ou filmado dentro do horario escolar nas actividades realizadas polo centro con fins educativos e pedagóxicos.
- ❖ Autorización para publicar as imaxes na páxina web do centro.
- ❖ Ficha actualización dos datos persoais do alumno/a, números telefónicos actualizados, problemas médicos, alerxias, e asistencia a comedor .
- ❖ Autorización a realizar a saídas polo concello.
- ❖ Informe de avaliación trimestral do alumnado (grao de consecución das competencias e calificación da materia). (Modelo do XADE).
- ❖ En caso de separación dos proxenitores do alumno estas autorizacións, deberá asinalas o proxenitor que ten a custodia.

A solicitude de matrícula ou cambio de centro, deberá asinala o pai, nai ou titor legal se os dous teñen a patria potestade.

En caso de separación dos proxenitores do alumno, o boletín de notas ou informes do D.O., si o solicita o pai/nai que non ten a custodia, entregaráselle por parte do titor copia.

ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN DOS PAIS/NAIS OU TITORES LEGAIS AO CENTRO

Ademais dos documentos que se entregan para a matrícula:

- Tarxeta sanitaria.
- Certificado médico.
- Libro de familia ou DNI do alumno/a.
- Fotocopia do boletín de vacinas.
- Fotos.
- Solicitude de matrícula asinado polo pai e a nai ou as persoas que exercen a titoría legal.
- Se optan polo ensino de relixión ou alternativa para o seu fillo/a.

- Autorizacións, solicitadas polo centro, debidamente cubertas e asinadas polo pai/nai ou persoa que exerza a tutoría legal.
- Si os pais están separados, entregarán copia do convenio regulador ao titor/a do alumno/a
- Se existe orde de afastamento dalgún proxenitor, entregará sentenza xudicial.
- No caso de que algún proxenitor non teña a patria potestade do alumno/a deberá traerse ao centro a sentenza xudicial que o confirme.

A COLABORACIÓN E COORDINACIÓN COAS FAMILIAS

Para que o traballo sexa efectivo, e os seus resultados positivos, é necesaria unha estreita colaboración e coordinación coa familia e outros profesionais EXTERNOS que traballan co alumnado. Para iso, realizaranse reunións e entrevistas periódicas cando sexa preciso os martes pola tarde.

Manterase informadas ás familias do proceso educativo dos seus fillos/as a través do boletín informativo trimestral.

MEDIDAS DE COORDINACIÓN CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS ANTERIORES E POSTERIORES.

Coordinación entre a etapa de Educación Infantil de Primeiro Ciclo e Educación Infantil de Segundo Ciclo

Para facilitar a continuidade do proceso educativo do alumnado entre o primeiro ciclo de Educación Infantil e o segundo ciclo de Educación Infantil, realizarase unha xornada de portas abertas no mes de maio ou xuño.

mecanismos

eficaces de coordinación entre os mestres/as de ambos ciclos.

No mes de xuño o equipo docente de infantil analiza os datos do novo alumnado admitido e en setembro convócaos para recadar información sobre o alumno/a.

Durante a segunda quincena de setembro a incorporación dos alumnos/as realizarase en grupos reducidos.

Coordinación entre a etapa de Educación Infantil e Educación Primaria

Para levar a cabo unha coordinación, o alumnado do noso centro fai unha visita ao CEIP, no mes de maio ou xuño, coordinada polo Departamento de Orientación. Xunto co alumnado acude o titor/a do alumnado e o orientador/a.

Os expedientes e historiais do alumnado envíanse ao CEIP no mes de xuño.

▪ PROTOCOLO DE ACOLLIDA AO ALUMNADO PROCEDENTE DOUTROS CENTROS OU DO ESTRANXEIRO

Ditas medidas de actuación establécense no Plan de Acollida e van encamiñadas a recadar información sobre o novo alumno/a. Ensinaráselle centro para que o coñezan e cales son as liñas xerais do seu funcionamento. No referente ao alumnado estranxeiro será preciso potenciar as competencias interculturais con todos os axentes que interveñen directa ou indirectamente na tarefa educativa. Tomaranse as medidas oportunas si se predispón desfase curricular, o nivel ao que se incorporará non diferirá en máis dun ano co da súa idade cronolóxica. No caso de que o alumno/a descoñeza as nosas linguas realizaranse medidas de RE e apoio.

▪ DINAMIZACIÓNS E OUTRAS FUNCÍONS DOCENTES

A dirección do centro, oído o claustro designará aos dinamizadores/as das dinamizacións específicas que se establezan na Programación Xeral Anual:

- Novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Biblioteca.

Atendendo ás necesidades do alumnado a dirección, poderá asignar ao profesorado con horario lectivo dispoñible actividades como:

- Reforzo Educativo.
- Atención á diversidade.
- Apoio.
- Atención específica de apoio ao alumnado estranxeiro e minorías étnicas en caso de habelos.

▪ **CRITERIOS DE AGRUPAMENTOS**

Os alumnos/as son agrupados por idades.

▪ **ENSINANZAS NON OBRIGATORIAS**

As ensinanzas de educación musical e de educación física, non obrigatorias na educación infantil, impartiranse nas condicións que se fixen na PXA para cada curso de acordo coa dispoñibilidade horaria do profesorado.

No 4º nivel de E.I. estas ensinanzas iniciaranse unha vez finalizado o período de adaptación.

▪ **LIÑAS XERAIS NA ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS**

- ✓ Deben cumprir o currículo de EI.
- ✓ Xustificar a adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- ✓ Metodoloxía baseada no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos e que promovan a inclusión.
- ✓ Deben contemplar a adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación do alumnado.
- ✓ Desenvolverán medidas de actuación destinadas a mellora da convivencia.
- ✓ Incorporarán en todas as áreas aspectos dunha educación en valores, educación para a paz, moral, cívica e a non discriminación, actividades para unha vida saudable, fomento dun consumo responsable e da educación viaria axeitada para poder desenvolverse nunha sociedade como cidadáns libres e de pleno dereito.
- ✓ Os mestres/as decidirán nunha reunión de ciclo o material preciso para desenvolver ditas programacións.

6.5. ORGANOS DE GOBERNO

A) UNIPERSOAIS:

EQUIPO DIRECTIVO

A normativa que se refire ao equipo directivo ven recollida na LOE, 2/2006 e no Regulamento Orgánico das escolas de E. Infantil e dos colexios de E. Primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro, DOG 21-10-96. Corrección erros DOG 06-11-96 e DOG 08- 01-97) Neste caso formado só por dirección, por ser un centro de tres unidades.

Criterios de funcionamento:

- O funcionamento do colexio ten que aterse á normativa vixente, tanto externa (sinalada no marco legal) como interna(regulamento de réxime interno). O principio de democracia que debe impregnar todas as nosas actuacións supón que a toma de decisións sexa compartida cos diferentes órganos do Centro: Consello Escolar, Claustro, comisión pedagóxica e ciclo, ata esgotar todas as posibilidades de acordo e consenso.
- A dirección do centro promoverá e apoiará a participación en proxectos e plans programas e todas aquelas iniciativas que teñan como finalidade unha mellora da práctica educativa.

B) COLEXIADOS:

CLAUSTRO DE PROFESORADO

É o órgano pedagóxico supremo do Centro, e as súas competencias veñen recollidas no capítulo III, sección 2ª , artigo 129 da LOE.

Participa, así mesmo, de responsabilidade de goberno e xestión, a través dos seus representantes no Consello Escolar.

Co obxecto de facilitar a presentación de propostas, fixar criterios e aprobación e avaliación de todo o relativo a aspectos docentes, cremos no Ciclo como canle axeitado para unha información e debates previos, sempre considerando que as decisións se toman no Claustro co voto individual dos seus compoñentes.

Para cumprir estas funcións o Claustro reunirse de forma ordinaria, como mínimo, unha vez ao trimestre e sempre que o convoque o director/a ou o

solicite un terzo, a lo menos dos seus membros. E extraordinario as veces que sexa necesario.

Facilitarase aos membros o acceso a toda información dispoñible sobre a orde do día. Así mesmo informarase, en cada reunión, dos acordos do Consello Escolar e das comunicacións mais relevantes recibidas e enviadas.

OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA ESCOLAR

O observatorio da convivencia é un órgano colexiado para reflexionar e investigar en relación co estado da convivencia no centro e deseñar estratexias que se deberán adoptar para o fomento da cultura de paz e para mellorar o clima de convivencia escolar.

No caso da nosa escola, por ser un centro de tres unidades, non estamos obrigados a constituír o observatorio da convivencia escolar.

CONSELLO ESCOLAR

É o órgano máximo de participación dos diferentes sectores da Comunidade Educativa, capítulo III , sección 1ª da LOE.(art.126). O Consello Escolar reunirase sempre que haxa temas a tratar e, ao menos, unha vez ao trimestre.

No seo do mesmo funcionará con carácter permanente a Comisión Económica.

Comisión Económica

En canto á autonomía de xestión económica dos Centros, no capítulo II, artigo 123 da L.O.E. expónse que :

No seo do Consello Escolar funcionará a Comisión Económica.

A dirección presentará o estado de contas en xaneiro ao Consello Escolar, informando previamente do mesmo ao Claustro de Profesores.

Comisión de Autoprotección

Esta comisión fórmase ao inicio de cada curso, e está formada pola dirección do centro, un membro do sector pais nais do CE e un membro do profesorado. A súa función é elaborar, modificar e analizar o Plan de Autoprotección.

6.6. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

1. EQUIPOS DE CICLO

O funcionamento coordinado entre os mestres e mestras do mesmo nivel é indispensable, tanto para a consecución dun mellor rendemento educativo, como para unha efectiva realización da Programación Xeral Anual.

O Equipo de Ciclo, que agrupa a todo o profesorado que imparte docencia, é o órgano básico encargado de organizar e desenvolver, baixo a supervisión da dirección do centro as ensinanzas propias do Ciclo.

O Equipo de Ciclo reunirse al menos unha vez cada mes e a asistencia será obrigatoria para todos os seus membros. Das devanditas sesións levantará acta o coordinador/a co resumo do tratado. O Coordinador de Ciclo desempeñará o seu cargo durante dous cursos académicos e será designado

2. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

A Comisión de Coordinación Pedagóxica estará integrada pola dirección do centro, como Presidente; o/a Coordinador/a de Ciclo; o/a Coordinador/a do Equipo de Normalización Lingüística. Actuará como secretario/a un membro da comisión, designado pola dirección, oídos os restantes membros.

As súas competencias axústanse ao Capítulo II, artigos 61 e 62 do Decreto 374/1996.

A Comisión é un órgano de coordinación, non ten polo tanto, como función aprobar ou supervisar, senón propoñer e coordinar procesos, ten pois, un papel dinamizador.

3. EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Para potenciar o uso da lingua galega constituirase nos centros un Equipo de Normalización Lingüística, constituído por todo o profesorado da escola.

O coordinador/a, será nomeado polo director/a por proposta dos compoñentes do equipo, e desempeñará as súas funcións durante dous anos, renovables, se é o caso.

A lexislación actual sinálanos con claridade cal e o obxectivo final ao que debemos chegar: **“conseguir que o noso alumnado acade unha competencia lingüística semellante nas dúas linguas oficiais”**.

Obxectivos do equipo de Normalización Lingüística

- Potenciar o uso da nosa lingua entre toda a Comunidade Educativa .
- Fomentar a lectura en galego.e en calquera ámbito social.
- Adoptar unha actitude de bilingüismo tolerante a proxectar na comunidade educativa e tamén na sociedade.
- Coñecer e valorar o noso patrimonio natural e histórico partindo da realidade máis próxima.
- Recuperar as festas tradicionais e os xogos populares.
- Potenciar a utilización da biblioteca.

4. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Terán carácter de Complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, conmemoracións e outras semellantes.

Destacamos no noso centro a celebración do Magosto(que soemos acudir á EEI da Igrexa, para festexalo), a celebración do Samaín coa decoración de cabazas, celebración do Nadal, celebración do Entroido con desfile de disfraces, conmemoración do Semana do Libro, celebración das Letras Galegas...Entre outras que aparecen na PXA cada curso escolar.

Teñen carácter de Extraescolar aquelas que sendo organizadas polo centro e figurando na PXA se realizan fóra do horario lectivo. A participación nelas será voluntaria.

O Xefe/a do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares será un profesor/a, que designe a dirección, oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica. Será nomeado por un periodo de 2 anos.

Dentro das súas obrigas está proporcionarlle aos alumnos e aos pais a información de todas actividades que programe este equipo.

5. EQUIPO DE BIBLIOTECA

O equipo de biblioteca está constituído por un/unha coordinador/a, que se encarga de organizar a biblioteca do centro e dinamizar o uso da mesma con actividades de fomento da lectura, préstamo de libros, mochilas viaxeiras, potenciación da nosa literatura infantil e xuvenil....

6. EQUIPO TICS

No centro a comisión TICS está integrada pola coordinadora da mesma. Consideramos dende o centro, que cada vez máis, debemos introducir e favorecer o acceso as novas tecnoloxías no proceso de ensino-aprendizaxe do noso alumnado. Esa será a principal finalidade da comisión.

7. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Na nosa escola non contamos con Departamento de Orientación, pero estamos adscritos ao do CEIP de Pedrouzos.

6.7. ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS

O Regulamento de Escolas de Ed. Infantil e Colexios de Ed. Primaria recolle no título VI, art. 105, o dereito que asiste aos pais/nais de constituír asociacións nestes centros, coas competencias que se especifican no apartado 2 do mencionado artigo. No artigo 39 do referido Regulamento establécese que, dos representantes que lle corresponde ao sector de pais/nais no Consello Escolar, un será proposto pola Asociacións de Nais/ Pais máis representativa.

Dende o comezo do funcionamento do Centro non existiu ANPA. Esta creouse no ano 1998 cumprindo coa súa función de colaboración.

Dende a dirección do centro mantense unha relación cordial e cooperativa coa ANPA coa finalidade de mellorar a calidade educativa do noso alumnado e favorecer o seu desenvolvemento integral.

7. ACCIÓNS PRIORITARIAS

- ❖ Favorecer un clima de convivencia axeitado no centro entre os docentes e o noso alumnado entre si respectivamente.
- ❖ Promover unha relación satisfactoria e cooperativa entre familia - escola e comunidade educativa favorecendo o proceso E-A do noso alumnado.
- ❖ Fomentar o uso das novas tecnoloxías na práctica docente.
- ❖ Contribuír a unha ensinanza globalizada que favoreza o desenvolvemento integral do noso alumnado.
- ❖ Favorecer a coordinación constante con todos os axentes educativos que participan no E-A do alumnado co fin de mellorar a calidade educativa.
- ❖ Activar accións de atención temperá con carácter preventivo e compensador á necesidade específica de apoio educativo do alumnado.
- ❖ Promover a convivencia e a resolución pacífica de conflitos.
- ❖ Atender a toda a diversidade presente no centro (equidade na educación).
- ❖ Levar a cabo accións encamiñadas á inclusión dos alumnos/as con necesidade específica de apoio educativo.

8. CONCRECIÓN CURRICULAR

8.1. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA

OBXECTIVOS EDUCACIÓN INFANTIL

A Educación Infantil deberá contribuír a que os/as nenos/as acaden os obxectivos seguintes:

- Coñecer o seu propio Corpo e das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenrolar as súas capacidades afectivas.

- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico –matemáticas e achegarse á lectura e á escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- Sentir o destio, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- Achegarse, na medida das súas posibilidades , ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

9. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Partindo do nivel de desenvolvemento dos alumnos/as e coa intención de asegurar unha construción de aprendizaxes significativas e funcionais, o enfoque educativo do noso centro caracterizarase por:

- Unha metodoloxía activa e participativa, na que o alumno/a sexa o eixo central da aprendizaxe.
- Centrarse en ensinar un tipo de aprendizaxe significativo e funcional; é dicir, unha aprendizaxe na que parta do coñecido para o alumno/a e que lle sirva de base para a adquisición de novos coñecementos.
- Teranse en conta os coñecementos previos do alumno/a, as capacidades, os intereses a motivación e o ritmo de aprendizaxe do alumno/a.
- Os contidos presentaranse secuencialmente de menor a maior complexidade cun enfoque globalizador. Considerando os tempos de aprendizaxe nos distintos alumnos/as, respectando o criterio de progresión das actividades e ritmo do alumno/a.
- Prevención das dificultades e posta en práctica das medidas de reforzo tan pronto como se detecten (por parte do titor/a....)
- Darase importancia a aprendizaxe dos procedementos e as actitudes.
- Desenrolarase os contidos transversais relacionados coa igualdade entre os sexos, a paz, o medio ambiente, a saúde....

- Daráselle importancia as actividades realizadas fóra da aula.
- Adecuar o sistema de ensinanza ás novas tecnoloxías da comunicación e información.
- Relacións entre o profesorado e o alumnado baseado no respecto, no diálogo e na tolerancia e na non discriminación.

En definitiva, será unha metodoloxía **flexible** (axustando as propostas ao ritmo de cada alumno/a), **realista** (partindo da situación do neno/a), **significativa**, **globalizadora**, **interactiva**, **activa**, **participativa**, **indutiva**, **lúdico - motivadora e creativa**.

Papel que desempeña o mestre/a:

O papel a desempeñar polo mestre/a dependerá en gran medida do tipo de contidos e da idade dos alumnos/as, alternando diferentes métodos de ensino, dende o simplemente expositivo ata o de mediador:

- O mestre/a motivará ao alumnado na consecucións dos contidos, co apoio dos recursos didácticos e dará importancia as actividades feitas na aula como as realizadas fóra dela.
- O mestre/a fomentará en definitiva actitudes positivas cara a aprendizaxe, de respecto polo outro, de civismo, de honestidade, de esforzo, de aseo persoal, de autoestima.... Educará ao seu alumnado para a adquisición por parte deste de valores que lle permitan converterse nun bo cidadán de pleno dereito dunha sociedade democrática, xusta, solidaria, libre, responsable, tolerante e igualitaria.

10. RECURSOS

Os recursos que se empregan para a realización das actividades que conforman todo o proceso educativo dos educandos serán tanto os humanos como os materiais que estean á nosa disposición. De todo, salientan os seguintes.

• RECURSOS MATERIAIS

Materiais xerais: son todos aqueles que constitúen a infraestrutura do centro. Aquí atopámonos cos diferentes espazos educativos dos que se beneficia o alumnado: biblioteca, aula das TICs...

En canto a material específico docente: dispónse de manuais, revistas, das novas tecnoloxías da información, libros da biblioteca...

• RECURSOS PERSOAIS

Todo os do centro e os externos que inciden no proceso educativo do alumnado e poidan asesorar e axudar na mellora da calidade da aprendizaxe.

• RECURSOS ORGANIZATIVOS

Guiándonos polos artigos 71 e 72 da LOE, nos que se dispón que as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que os alumnos/as que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado. Deste xeito, contéplanse **medidas curriculares** como son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares (significativas -ACI- ou non significativas), segundo o disposto na *Orde do 6 de outubro de 1995*, e **medidas organizativas** de apoios do profesorado e apoios dos/as especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe (conforme co disposto no *D. 120/1998 do 23 de abril*, *D. 374/1996 de 17 de outubro*, e *Orde do 24 de xullo de 1998*).

Contéplase tamén, dentro das estratexias de atención á diversidade, a **flexibilización da duración do período de escolarización** mediante a permanencia ou redución dun ano extraordinario na Educación Infantil.

11. AVALIACIÓN

A avaliación será continua, global, formativa e integradora.

Con carácter xeral, a avaliación, ten como obxectivo a obtención en cada momento da información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que facilite a toma de decisións.

O proceso de avaliación terá como obxectivos:

- Proporcionar unha información constante do proceso educativo.
- Mellorar tanto os procesos como os resultados da intervención educativa.
- Detectar as dificultades no momento en que se produza.

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos do currículo.

Os criterios de avaliación comúns e os específicos das distintas áreas serán o referente fundamental para valorar tanto o grado de **adquisición das competencias básicas** como o de consecución dos **obxectivos xerais da etapa** e dos obxectivos en cada área, e para decidir sobre a promoción do alumnado.

Por iso, a avaliación, sobre todo do alumnado, non pode circunscribirse a un aspecto ou a un momento, senón que se debe estender ao longo de todo o proceso educativo, de forma global, continua e sistemática.

Deste xeito, entendemos a avaliación como un proceso integral, no que se consideran diversas dimensións ou vertentes:

- **Análise do proceso de aprendizaxe do alumnado.** A avaliación concíbese e practícase da seguinte maneira:
 - ✓ **Individualizada.** Centrándose na evolución de cada alumno/a e na súa situación inicial e particular.
 - ✓ **Integradora.** Para a cal considérase a existencia de distintos grupos e situacións, e a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación que se seleccionan.
 - ✓ **Cualitativa.** Na medida en que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se avalían de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumnado, non só os de carácter cognitivo.

- ✓ **Orientadora.** Dado que achega á información precisa para mellorar a aprendizaxe do alumnado e axudalo a adquirir estratexias apropiadas.
- ✓ **Continua.** Xa que atende á aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos ou fases: inicial, formativa, e sumativa.

A avaliación continua permite incorporar medidas de ampliación e reforzo en funcións das necesidades que se deriven da avaliación do proceso educativo. Nas sesións de avaliación valoraranse as aprendizaxes acadadas por cada alumno/a, o grao de desenvolvemento das competencias básicas e as medidas adoptadas ou que se deben adoptar.

- **Análise do proceso de ensino – aprendizaxe e da práctica docente.** Algún dos aspectos aos que atenderá son os seguintes:

- ✓ **Organización e coordinación entre os mestres/as que imparten clase no ciclo.**
- ✓ **Planificación das tarefas.**
- ✓ **Autoavaliación,** centrándose nos resultados acadados e nas actitudes adoptadas.

Na Educación Infantil é fundamental ter en conta o progreso do alumno/a mediante a observación directa do traballo e actitude desenvolvida na clase.

Realizaranse as sesións de avaliación trimestralmente. (Unha cada trimestre). Durante o mes de setembro realizarase unha avaliación inicial, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias básicas co fin de adaptar as programacións de aula e de identificar o antes posible calquera necesidade de reforzo educativo.

No caso dos alumnos/as, que polas súas características persoais ou capacidades non sexan capaces de acadar os niveis mínimos de cada ciclo, unha vez realizadas as actividades de reforzo, optarase, *se é necesario*, por unha flexibilización.

Fíxanse os seguintes criterios de avaliación comúns para todo o centro:

- Avaliarase o cumprimento dos obxectivos de área/curso, en función dos criterios de avaliación expostos nas programacións.

- O profesorado terá en conta os resultados obtidos en cada sesión de avaliación para modificar se fora preciso a súa programación.
- O profesorado procurará obter a máxima información posible sobre :
 - Integración social no grupo.
 - Valores.
 - Actitudes.
 - Coñecementos.
 - Hábitos de traballo.
 - Habilidades.

Ao remate de cada curso, valorarase o progreso global de cada alumno/a, no marco do proceso de avaliación continua levada a cabo. E, ao finalizar o ciclo, o equipo docente, tendo en conta os criterios de avaliación comúns e os de promoción que figuran nos correspondentes currículos de cada ciclo, e informados o pai, a nai ou os titores legais, tomarase a decisión sobre a promoción ou non do alumno ou alumna á seguinte etapa. Para a adopción da decisión tomarase especialmente en consideración a información e o criterio do/a titor/a.

O titor/a do alumnado que non promociona, citará individualmente aos representantes legais aos que informará sobre os resultados do proceso de avaliación e sobre a decisión de non promocionar á etapa seguinte.

No caso de ter que avaliar a un alumno/a con necesidade específica de apoio educativo, o titor, co asesoramento do departamento de orientación e do profesorado de apoio, aplicará os criterios de avaliación que sexan establecidos nas adaptacións curriculares, os cales serán referente fundamental para valorar o grao de adquisición das competencias básicas.

Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumno/a disporá ao finalizar a etapa dun informe sobre a súa aprendizaxe, os obxectos acadados e as competencias básicas adquiridas.

12. PROGRAMAS DO CENTRO

- 1. PLAN DE CONVIVENCIA**
- 2. REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO**
- 3. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN**
- 4. PLAN LECTOR**
- 5. PLAN TICS**
- 6. PROXECTO LINGÜÍSTICO**
- 7. PLAN DE ORIENTACIÓN**
- 8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**
- 9. PLAN DE ACOLLIDA AO ALUMNO ESTRANXEIRO**
- 10. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL**

Todos os documentos do centro, serán abertos e flexibles para recoller os distintos cambios que se produzan.

APROBADO POR UNANIMIDADE EN CLAUSTRO O DÍA 28 DE XUÑO DE 2012.

APROBADO POR UNANIMIDADE EN CONSELLO ESCOLAR O DÍA 28 DE XUÑO DE 2012.

Os Ánxeles, 28 de xuño de 2012